



# O LÓPEZ FERREIRO CO DÍA DO LIBRO

Enviado por [admin](#) [1] o Lun, 04/24/2023 - 13:00

[Animación á lectura](#) [2] [Curso 22\\_23](#) [3] [Biblioteca](#) [4]

No CEIP López Ferreiro tamén se celebrou o *Día do Libro*.

Hai moitas formas de ler, e Paula Carballeira achegounos unha das máis divertidas, a do mundo do teatro, dentro do programa de *Lectura e familias* no que o noso centro participa.

E como vén sucedendo desde hai sete anos, convocouse o Concurso de poesía desde a biblioteca escolar. Este ano ano, tivo por título *Ecopoemas*, e as nenas e os nenos que a xuízo do xurado mereceron o premio, puideron ir ata unha librería para mercar o seu agasallo. Como se comproba pola foto, nada mellor que fotografarse na praza de Cervantes en Compostela para tan sinalada data.

Pero as celebracións polo *Día do Libro* non van rematar este mes, xa que no mes de maio organizarse un mercadinho solidario, do cal se ofrecerá cumprida información.

Porque a lectura, sempre funciona cando se comparte.



Feito con Drupal (ver. 6.28)



Proxecto Webs dinámicas

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013

Source URL: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/node/549>

#### Links:

[1] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/user/2>

[2] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/taxonomy/term/33>

[3] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/taxonomy/term/74>

[4] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/taxonomy/term/78>